

CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371
E. electrónico: correo@acapela.es
Web: www.concellodacapela.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 5 DE OUTUBRO DE 2017

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

Concelleiros:

D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO
D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D^a. LAURA PIÑEIRO MONTES
D^a. MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUÁN
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. DAVID RODRIGUEZ SANMARTIN
D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

SECRETARIO-ACCIDENTAL:

D. JESÚS FRANCO RODRÍGUEZ

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, sendo as nove horas do día cinco de outubro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os Sres. Concelleiros/as. que se relacionan na marxe, asistidos do Secretario-Accidental da Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión convocada para o día de hoxe.


I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2017. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trinta e un de agosto de dous mil dezasete.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión aproba a acta da sesión anterior.

II.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 6/2017. APROBACIÓN.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da circular sobre a elaboración do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS+2017) ADICIONAL por maior achega da Deputación Provincial da Coruña. Polo Concello da Capela xa se incluíron no Plan Complementario ao POS+2017 investimentos por importe de 86.000,00 € das obras denominadas:



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

- "Pavimentación e iluminación en beirarrúas das Neves", por un importe de 56.000,00 €.
- "Mellora e iluminación de Os Enxertados, Os Calzados e outros", por un importe de 30.000,00 €.

Na referida circular da Deputación Provincial informaselle ao Concello de que a achega que lle corresponde ao abeiro do Plan Adicional ao POS+2017 é de 81.932,74 €.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos número 6/2017 por importe de 86.000,00 €, que corresponde ás obras antes indicadas. O Concello si desexa realizar as dúas obras incluídas no Plan Complementario ao POS+2017 deberá aportar 4.067,26 €.

O expediente tramitase mediante suplemento de crédito na partida 2017.1531.61900 (Pavimentación e iluminación en beirarrúas das Neves) e xeración de crédito na partida 2017.165.61900 (Mellora da iluminación pública dos Enxertados, Os Calzados e outros).

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, para preguntar como se levaría a cabo o POS+2017 adicional por maior achega provincial e que proxectos irían incluídos neste plan e como se executarían.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que os proxectos a incluír neste plan serían os incluídos no Plan Complementario ao POS+2017 e que son os seguintes:


- "Pavimentación e iluminación en beirarrúas das Neves"
- "Mellora da iluminación nos Enxertados, Os Calzados e outros"

Resposta igualmente o Sr. Alcalde-Presidente que si houbera baixas o Concello xa non tería que aportar nada.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy, para preguntar de que partida se sacan os 4.067,26 €.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente decindo que ese diñeiro sacase da partida 2017.1532.61900 como figura no informe de Intervención.

Toma de novo a palabra o voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy para expresar que lle preocupa que este expediente non cumpra a estabilidade orzamentaria.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es


Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que este informe no é preceptivo, senon meramente informativo, xa que o cumprimento da estabilidade orzamentaria verificarase coa liquidación do orzamento do exercicio 2017.

Toma de novo a palabra o voceiro do Grupo Mixto-PP, D. Santiago Meizoso Permuy para matizar que sigue a ser un tema que lle preocupa o da estabilidade orzamentaria, e senon é obrigatorio para que se fai sempre esta advertencia por parte de Intervención.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (8 votos a favor dos Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, e AIAC e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto-PP), adopta o seguinte acordo:

CAPITULO	CONSIGNACIÓN INICIAL	XERACIÓN DE CRÉDITOS CON CARGO A NOVOS INGRESOS	SUPLEMENTO DE CRÉDITOS CON CARGO A NOVOS INGRESOS	SUPLEMENTO DE CRÉDITO CON CARGO A TRANSFERENCIAS	TOTAL CONSIGNACIÓN RESULTANTE
I Gastos de persoal	373.697,82 €				373.697,82 €
II Gastos en bens corrent.	711.428,11 €				711.428,11 €
III Gastos financeiros	0,00 €				0,00 €
IV Transferencias correntes	26.500,00 €				26.500,00 €
VI Investimentos reais	495.844,24 €	30.000,00 €	51.932,74 €	-4.067,26 € +4.067,26 €	577.776,98 €
VII Transfer. de capital	0,00 €				0,00 €
VIII Activos financeiros	0,00 €				0,00 €
IX Pasivos financeiros	0,00 €				0,00 €
TOTAL	1.607.470,17 €	30.000,00 €	51.932,74 €	0,00 €	1.689.402,91 €

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 6/2017, por importe de 86.000,00 €, que contempla a xeración de crédito con cargo a novos ingresos e transferencia doutra partida, de acordó co seguinte cadro:



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A □ 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 □ Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@acapela.es

Web: www.concellodacapela.es

2º.- Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as nove horas e quince minutos, de todo o cal eu, Secretario-Accidental, dou fé, todo elo coas reservas do artigo 2016 do ROF.

O alcalde-presidente,

O Secretario-Accidental,

Manuel Meizoso López

Jesús Franco Rodríguez